

CONCURSO FOTOGRÁFICO "CALENDARIO CONSORCIO AS MARIÑAS 2025"

1. OBXECTO

O Consorcio As Mariñas promove o Concurso Fotográfico "Calendario Consorcio As Mariñas 2025", coa intención de facer participar ás veciñas e veciños no calendario que tradicionalmente edita.

O calendario consta de 12 fotografías en cor.

Este concurso servirá para seleccionar as 12 fotografías en cor, do calendario Consorcio As Mariñas para o ano 2025.

2. BASES

2.1. O concurso é de participación aberta.

2.2. As fotografías teñen que realizarse no ámbito territorial dos concellos que integran o Consorcio As Mariñas (Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada).

2.3. As fotografías estarán relacionadas co **medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural e histórico no ámbito territorial dos oito concellos que integran o Consorcio As Mariñas**. Terase en conta a relación cos servizos que presta o Consorcio As Mariñas, a calidade técnica e a orixinalidade da imaxe.

2.4. Cada participante poderá enviar un máximo de 3 fotografías.

2.5. As fotografías terán que ser horizontais e en cor.

2.6. As fotografías terán estas características: un arquivo dixital formato JPG dun mínimo de 3 megapíxeles.

2.7. As fotografías deben ser enviadas como arquivo adxunto dun correo electrónico, ou ben por WeTransfer, ao seguinte enderezo de correo electrónico: comunicacion@consorcioam.org

No **asunto** deberase indicar "Concurso Calendario Consorcio As Mariñas 2025".

2.8. O autor ou autora autoriza a que as fotografías seleccionadas poderán ser reencadradas para a súa adaptación ao formato do calendario.

2.9. No correo electrónico no que se acheguen a/as fotografía/as **ten que figurar o nome e apelidos da persoa participante, DNI, dirección postal e un teléfono de contacto**.

2.10. Os arquivos das fotos deberán incluír o nome do autor ou a autora, para facilitar a súa identificación.

2.11. O prazo de presentación das fotografías abrirase o **1 de outubro de 2024** e rematará o **20 de novembro de 2024**.

2.12. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que posúen os dereitos de autor sobre as fotografías presentadas ao concurso e dispoñen, ademais, da autorización e o permiso das persoas que poidan aparecer de forma recoñecible nas imaxes, recaendo sobre eles a responsabilidade derivada do dereito á intimidade e á propia imaxe.

2.13. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que, no caso de resultar elixidas como gañadoras as súas fotografías, cederán gratuitamente ao Consorcio As Mariñas os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.

2.14. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que quedan informados e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante correo electrónico dirixido ao mesmo enderezo ao que se remitan os traballos.

Poderán participar persoas de tódalas idades. No caso de que a persoa participante sexa menor de idade deberá presentar unha autorización de participación e aceptación das bases do concurso asinada por pai ou nai/titor ou titora.

2.15. As fotografías gañadoras serán publicadas no calendario do Consorcio As Mariñas co nome e apelidos de cada un dos seus autores ou autoras.

2.16. A participación neste concurso supón a aceptación dos termos da convocatoria expostos nas bases dos mesmos. No caso de que algún dos gañadores ou gañadoras comunique que non acepta estas bases, quedará sen dereito a premio nin publicación no calendario. Establecerase unha lista de reserva composta por tres fotografías para o suposto de renuncia

3. XURADO

3.1. O xurado comporase de cinco membros :

- O Presidente do Consorcio As Mariñas ou a persoa na que delegue.
- Un/unha fotógrafo/a de recoñecido prestixio.
- O Xerente do Consorcio As Mariñas.
- A Técnica de comunicación e proxectos do Consorcio As Mariñas.
- A Técnica de medio ambiente do Consorcio As Mariñas.

3.2. A presidencia do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.

3.3. O fallo do xurado será inapelable.

3.4. O xurado seleccionará 12 fotografías de 12 participantes diferentes e, entre eles, un “primeiro premio”.

Ademais, seleccionará, por orde de puntuación, outros 3 traballos, que se integrarán na denominada “lista de reserva”.

3.5. O xurado terá que fallar os premios antes do 29 de novembro de 2024.

3.6. O xurado poderá declarar desertos un ou varios premios.

3.7. Os gañadores e gañadoras serán informados do fallo vía correo electrónico.

4. PREMIOS

4.1. Os 12 gañadores ou gañadoras recibirán por correo ordinario 10 exemplares do calendario do Consorcio As Mariñas 2025.

4.2. Ademais, o xurado seleccionará un “gañador absoluto” entre os 12 seleccionados que se levará tamén unha *tablet* de premio.